



Acollida LGBT. Riqueza e diversidade da creación de Deus

Margarita Benedicto, Carmen Luz Güemes Álvarez, Marisol Ortiz¹

As frías estatísticas e os debates doutrinais sobre a acollida da diversidade sexual e de xénero adóitannos deixar indiferentes. Esta indiferenza transfórmase cando é unha persoa LGBT quen nos comparte os seus medos e esperanzas e, se esta persoa LGBT é o teu fillo ou a túa filla, tócanos a fondo o corazón.

Desde Madrid, Chile e Barcelona, a partir de contextos e historias ben distintas, tres nais queremos compartir que significou para as nosas familias o percorrer xuntos este camiño, onde os nosos fillos e fillas son os protagonistas. Un percorrido que non estivo exento de desafíos; con todo, permitiunos ir axudándonos e acompañándonos. Fomos descubrindo a riqueza e diversidade da creación dun Deus que irrompe nas nosas vidas, e que nos desafia a crecer no amor e a acoller en plenitude co corazón. Desde as nosas diferentes cidades, uniunos a experiencia de descubrir na vida dos nosos fillos un motivo para loitar polo seu pleno recoñecemento e o de tantos outros.

¹ Margarita Benedicto é membro da Xunta Directiva de Crismhom (asociación cristiá ecuménica LGTB+H, comunidade de diversidade sexual). Carmen Luz Güemes Álvarez é membro do Grupo de Pais da Pastoral da Diversidade Sexual (Padis+) - CVX, Chile. Marisol Ortiz é membro de CVX: Comunidade de Vida Cristiá de laicos de carisma ignaciano, membro de «Acollemos» (en catalán «Acolemos», é espazo de diálogo e acollida da diversidade sexual desde a espiritualidade ignaciana) e tamén é membro de AMPGYL (asociación de nais e pais de gais e lesbianas, familias contra a intolerancia por xénero) e ENP (Rede Europea de Pais con fillos LGBT).